

PROPOSTAS DE CONVOCATORIA DE GRADO I E II DE RÉXIME EXTRAORDINARIO DE CARRERA E DESEMPEÑO

Santiago de Compostela 20/12/23

ABRIRASE UN NOVO PRAZO DE SOLICITUDE PARA O PERSOAL QUE NON CUMPRÍA REQUISITOS NAS CONVOCATORIAS DE 2019 E 2022

A DXFP refire que son un número elevado de empregados e empregadas públicos que reúnen requisitos para acceder o grado I (na entorna de 6.000) e o grado II (algo máis de 1.000) e que a regulación é a mesma que se aplicou na convocatoria de 2022 e que as contías serán dun 33% en 2024, 66% en 2025 e 100% en 2026.

UGT manifesta o seguinte:

- ✚ Na proposta contemplese a regulación de 2022 e **inclúense criterios interpretativos** acordados na **Comisión de seguimento do Acordo**, que ampliaron e melloraron a regulación de 2022.
- ✚ Solicitamos **se revisen as porcentaxes**, posto que en 2022 aplicouse o 50% no primeiro ano, o 80% no segundo e 100% no terceiro, para recuperar o ano perdido de retribución pola la sentenza que anulou o dereito, e que este persoal ten dereito a ir coas mesas porcentaxes.
- ✚ Que de xeito transitorio se teñan en conta as situacións daquelas persoas que están a expensas de ser convocadas á elección de destino como consecuencia da superación de procesos selectivos cuxo remate puidera prolongarse máis aló dos 3 meses de solicitude previstos.
- ✚ **Que se regule o grado III extraordinario a convocar en 2024, acordado con este sindicato.**
- ✚ **Que se regule o modelo ordinario de carreira aberto e permanente acordado con este sindicato**, para consolidar o que está aplicado e que quede regulado permitindo chegar o grado IV e **que se poidan incorporar de xeito continuo o persoal que reúna os requisitos en cada un dos grados correspondentes.**

A DXFP manifesta que estudará as porcentaxes pero que este persoal non sufriu retraso dun ano na percepción do complemento salarial, polo que non hai desigualdade de trato, e que **se negociará en 2024 grado III extraordinario e carreira ordinaria.**

UGT esperamos que sexa unha realidade o grado III extraordinario e a carreira xa que hai quen segue a enredar para que se desbote e empezar de novo, e xa vimos o que sucedeu co ano perdido.

